

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

14323 *Real decreto 969/2020, do 10 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o primeiro tramo do exercicio 2020, de axudas pola paralización temporal da frota aos pescadores cun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada como consecuencia da COVID-19 e polo que se modifica o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo.*

A pandemia do COVID-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde en marzo deste ano, motivou a necesidade de adoptar diversas medidas urxentes para manter a actividade e competitividade do sector pesqueiro, así como minimizar o impacto sobrevido no dito sector pola dita declaración e as consecuencias sanitarias, de seguridade, económicas e sociais que derivaron desta situación de crise sanitaria sen precedentes.

Como consecuencia do anterior, a Unión Europea aprobou un conxunto de medidas, entre outras, a través do Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 508/2014 e (UE) n.º 1379/2013 en relación con medidas específicas para atenuar o impacto do gromo de COVID-19 no sector da pesca e da acuicultura, co fin de atenuar o impacto social e económico no sector da pesca e da acuicultura provocado pola crise sanitaria derivada do gromo de COVID-19.

Así, o apoio ao sector derivado da modificación e aplicación do disposto no Regulamento n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, supón garantir a continuidade das actividades pesqueiras, racionalizando o procedemento para o acceso ás axudas para os pescadores.

No plano nacional, mediante o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia de COVID-19, convócanse as ditas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e modifícanse distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa, a Administración estableceu as bases reguladoras e a convocatoria en 2020 para o apoio aos armadores, presentasen ou non un procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada como consecuencia da paralización extraordinaria da actividade pesqueira derivada da pandemia e, así mesmo, para a protección dos pescadores para os cales non se presentou a dita suspensión de contrato ou redución da súa xornada laboral.

Este sistema de subvencións, con todo, necesita ser agora completado por medio da presente norma. Así, auxílianse con esta norma as necesidades detectadas nos pescadores cuxa actividade se paralizase e se tramitase un procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada regulados no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, que xestionará o Instituto Social da Mariña do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e pagaranse a través da caixa pagadora central da Tesouraría Xeral da Seguridade Social logo de proposta de pagamento centralizada polo dito instituto.

Así mesmo, inclúese a convocatoria desta liña de axudas para o primeiro tramo do exercicio de 2020 en unidade de acto con este real decreto, de modo que se acurten os prazos ao máximo para asegurar a plena eficacia e efectividade da medida, dada a urxencia na súa tramitación.

Por conseguinte, este real decreto regula as axudas aos pescadores que se viron afectados por un procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada, e modifica o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, que este real decreto modifica en aspectos meramente técnicos dadas certas referencias normativas erróneas.

Concorren neste suposto razóns xustificativas do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública. Ante a necesidade de garantir a máxima estabilidade aos pescadores, atendendo á necesidade de garantir os recursos necesarios para evitar o abandono da dita profesión, que se estableceu con carácter esencial, con obxecto de proporcionar alimentos esenciais para a poboación pola situación de emerxencia de saúde pública provocada polo gromo do COVID-19 e atendendo á importancia capital destas medidas para a aplicación da política pesqueira do departamento, considérase que concorren circunstancias excepcionais que acreditan razóns de interese público para a súa aprobación como subvencións de carácter directo previstas no artigo 22.2.c) do citado corpo legal. A importancia social e económica da actividade primaria no sector pesqueiro fai necesario garantir e promover a aplicación das políticas públicas deste departamento en relación coa dita actividade, comprometidas e en concordancia coas da Unión Europea nestas materias. Así, dentro do sector pesqueiro, o valor da produción dos produtos da pesca e da acuicultura, así como os transformados no ámbito, atópase preto de 2 millóns de toneladas e factura máis de 6.700 millóns de euros. Trátase dun sector moi repartido ao longo do litoral español. Iso supón oportunidades de emprego para a mocidade, á vez que fixa a poboación rural e evita o despoboamento. A importancia económica e social do sector xustifica a aprobación destas axudas, na cal, ademais, concorre a imposibilidade de iniciar un procedemento de concorrencia competitiva por canto, vistos os obxectivos mencionados desta axuda, se debe conceder a todos os pescadores a bordo de buques que tramitaron un procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada e, por tanto, non cabe establecer parámetros comparativos que permitan unha prelación xa que o pescador xera o seu dereito de axuda ao estar nun buque suxeito ao procedemento antes mencionado, así como a posibilidade de facer uso dos fondos europeos na materia, co fin de asegurar a sustentabilidade social dun sector esencial en moitas zonas litorais do país.

Co obxecto de asegurar que a medida responde de forma eficaz ás especiais circunstancias que pretende paliar, e considerando que a dita eficacia só é posible se a medida se pon en marcha con carácter urxente, establécese a xestión centralizada das axudas.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, da competencia exclusiva en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro, de acordo co establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

A xestión centralizada perfílase como a única forma de xestión que garante idénticas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional, mediante o establecemento duns criterios uniformes para o acceso ás axudas, fundamentais neste suposto en que as axudas non se encontran compartimentadas, senón que se estenden ao conxunto de España, cunha frota que faena no mar territorial, o cal non está compartimentado en función dos territorios rexionais. Procede destacar neste sentido que o tipo de necesidades que xeran as situacións que se pretenden afrontar con esta medida responden a un patrón común en todas as zonas e tipo de buques e actividades afectadas, independentemente da comunidade autónoma onde se sitúe o respectivo porto base, que, polo demais, non impiden nin saír a faenar nin descargar en calquera outro, ou o seu cambio definitivo, o que reforza a necesidade desta xestión centralizada. A frota española caracterízase pola súa amplitude e a variedade de orientacións extractivas, desde buques de gran porte dedicados a amplas mareas ata pequenas embarcacións artesanais de baixura. Así mesmo, en varios casos as embarcacións están en mans dun mesmo propietario ou armador, sen prexuízo de que as súas artes, caladoiro, porto habitual, porto base ou lugar preferente de primeira venda sexa diverso e cambiante ao longo do ano. A unhas necesidades tan específicas a Administración debe responder de forma que os prazos e criterios sexan idénticos en todo o territorio nacional, o cal unicamente se garante cunha xestión centralizada. A xestión centralizada tamén contribúe a garantir que non se exceden os importes máximos de axudas establecidos pola normativa europea, aos cales están suxeitas as subvencións establecidas neste real decreto.

Así, con palabras da Sentenza do Tribunal Constitucional 45/2001, do 15 de febreiro, «o artigo 149.1.13 CE pode amparar tanto normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos como previsións de accións ou medidas singulares indispensables para acadar os fins propostos na dita ordenación (STC 155/1996, do 9 de outubro, F.4 e xurisprudencia citada nela)». En definitiva, o Estado ten reservada, polo mencionado artigo 149.1.13.^a, unha competencia de dirección na cal teñen acubillo normas básicas e, así mesmo, previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para acadar os fins propostos dentro da ordenación do sector (STC 117/1992, do 16 de setembro). Iso débese ao seu carácter transversal xa que, mesmo existindo unha competencia sobre un subsector económico que unha comunidade autónoma asumiu como «exclusiva» no seu Estatuto, esta atribución competencial non exclúe a competencia estatal para establecer as bases e a coordinación dese subsector, e que o exercicio autonómico desta competencia exclusiva pode estar condicionado por medidas estatais, que en exercicio dunha competencia propia e diferenciada poden desprezarse autonomamente sobre diversos campos ou materias, sempre que o fin perseguido responda efectivamente a un obxectivo de planificación económica» (Sentenza do Tribunal Constitucional 74/2014, do 8 de maio). Igualmente, a STC 11/2015, FX 4, por remisión á STC 79/1992, do 28 de maio, FX 2, lembrou que «o sector da agricultura e a gandaría é daqueles que pola súa importancia toleran a fixación de liñas directrices e criterios globais de ordenación, así como previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para acadar os fins propostos dentro da ordenación de cada sector, destacando que «... en materia de agricultura e gandaría, sendo a competencia específica das comunidades autónomas... o Estado pode intervir en virtude das súas competencias xerais sobre a ordenación xeral da economía...»

O artigo 149.1.13.^a CE pode, en determinados casos, xustificar a reserva de funcións executivas ao Estado e tamén permitir o uso da supraterritorialidade como título atributivo de competencias ao Estado, pero, para que o dito suposto poida ser considerado conforme a orde competencial, deben cumprirse dúas condicións: que resulte preciso que a actuación de que se trate quede reservada ao Estado, para garantir así o cumprimento da finalidade de ordenación económica que se persegue, a cal non se podería conseguir sen a dita reserva e, doutra banda, que o uso do criterio supraterritorial resulte xustificado nos termos da nosa doutrina, isto é, atendendo tanto ás razóns achegadas como á congruencia da reserva da función co réxime da norma.

Outro tanto se pode dicir en relación coa competencia do Estado na materia de ordenación pesqueira da regra 19.^a. O Tribunal Constitucional ditou, entre outras, as sentenzas 56/1989 e 147/1991, en que sinalou que o concepto de ordenación do sector pesqueiro inclúe («...») quen pode exercer a actividade pesqueira, xa sexa a directamente extractiva ou algunha outra relacionada con ela, as condicións que deben reunir tales suxeitos integrantes do sector e a súa forma de organización.» E que, neste ámbito, o Estado ten a competencia para ditar a lexislación básica e corresponden ás comunidades autónomas o desenvolvemento lexislativo e a execución das normas.

Pero, ademais destas consideracións, débense ter en conta a concorrencia indiferenciada no ámbito deste real decreto de competencias exclusivas, que fundamentan a aprobación das bases, e a súa xestión centralizada por parte do Estado de modo conxunto cos títulos anteriores. En efecto, a íntima conexión destas axudas coa pesca extractiva queda reflectida na propia definición que o Tribunal Constitucional realiza desta actividade. Así, a doutrina do Tribunal Constitucional (esencialmente, as SSTC 56/1989, 9/2001, 38/2002 e 166/2013) parte do principio, resumido no FX 6 da última delas, que establece que «por pesca marítima hai que entender a regulación da actividade extractiva. De maneira máis detallada, a pesca marítima inclúe a normativa referente aos recursos e ás zonas onde se pode pescar (fondos, caladoiros, distancias, cotas), aos períodos en que se pode pescar (vedas, horas) e á forma e medios de realización da actividade extractiva no mar (artes, medios de pesca). Do mesmo xeito, como presuposto da sinalada actividade extractiva, a pesca marítima inclúe tamén o réxime de protección, conservación e mellora dos recursos pesqueiros. Agora ben, a

materia «pesca marítima» é competencia exclusiva do Estado (art. 149.1.19 CE) cando a súa regulación se proxecta sobre o mar territorial, a zona económica e as augas internacionais. Pola contra, no caso de que a disciplina das ditas cuestións se cinga ás augas interiores dunha comunidade autónoma, esta resultará competente para establecela (así, na STC 9/2001, do 18 de xaneiro, FX 6)».

Do mesmo xeito, ao colaborar a Tesouraría Xeral da Seguridade Social na xestión destas axudas, incardínase indisociablemente no marco das competencias exclusivas do Estado en materia de seguridade social, conforme o artigo 149.1.17.^a da Constitución. Por tanto, tamén desde esa perspectiva procede a concesión de modo centralizado destas axudas por canto aplica as competencias exclusivas estatais en materia da protección que a Seguridade Social brinda aos colectivos de traballadores afectados por diferentes contingencias, desde a perspectiva, ademais, da caixa única referendada en sede constitucional que, por todas desde 1989, o Tribunal Constitucional sentaría como unha competencia exclusiva do Estado nos seguintes termos: «o principio de unidade orzamentaria da Seguridade Social significa a unidade de titularidade (...) debido a que, de faltar un único titular dos recursos financeiros do sistema público de aseguramento social, tanto para operacións orzamentarias como extraorzamentarias, non se podería preservar a vixencia efectiva dos principios de caixa única e de solidariedade financeira nin, consecuentemente, a unidade do sistema». A este respecto, este real decreto prevé as bases reguladoras para a concesión de axudas aos pescadores enrolados nos buques afectados por tales paradas. Estas axudas instrumentaríanse por medio do Instituto Social da Mariña como entidade xestora da Seguridade Social para aqueles traballadores incardinados no réxime especial de traballadores do mar, exige como requisito previo o seu enrolamento e a súa correspondente alta no dito sistema, e opera como medida compensatoria pola perda de salarios derivada de tal actividade, no marco das ditas competencias, polo que se considera un título competencial esencial para a súa correcta articulación en canto a tales axudas.

Por tanto, a concorrencia sobre un mesmo obxecto de títulos competenciais exclusivos do Estado e de títulos básicos permiten apreciar neste caso os requisitos fixados polo Tribunal Constitucional para optar pola centralización e, doutra banda, xustifican a opción normativa de unificar non só bases e convocatoria ao abeiro do determinado polo artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, senón tamén de concentrar a súa regulación e xestión estatal, xa que se concluíu que o Estado ten competencia suficiente para proceder á xestión centralizada.

Así mesmo, cómpre ter en conta a doutrina constitucional sobre a xestión de fondos comunitarios, recollida nas SSTC 79/1992, 117/1992, 213/1994, 70/1997, 148/1998 e 99/2012, en especial en canto a que a xestión centralizada contribúe a garantir que non se superan os importes máximos de axudas establecidos pola normativa europea, a que están suxeitas as subvencións establecidas neste real decreto.

Por iso mesmo, e tamén debido á urxencia das axudas, destinadas a atender as necesidades inaprazables, e para asegurar a igualdade na percepción por parte dos posibles destinatarios destas axudas, cabe citar a doutrina do Tribunal Constitucional sobre a supraterritorialidade que sinala que «O dito traslado de titularidade, con base na extraterritorialidade, ten carácter excepcional, de maneira que só poderá ter «lugar cando non caiba establecer ningún punto de conexión que permita o exercicio das competencias autonómicas ou cando, ademais do carácter supraautonómico do fenómeno obxecto da competencia, non sexa posible o fraccionamento da actividade pública exercida sobre el e, mesmo neste caso, sempre que a dita actuación tampouco se poida exercer mediante mecanismos de cooperación ou de coordinación e, por iso, requira un grao de homoxeneidade que só poida garantir a súa atribución a un único titular, forzosamente o Estado, e cando sexa necesario recorrer a un ente supraordenado con capacidade de integrar intereses contrapostos dos seus compoñentes parciais, sen esquecer o perigo inminente de danos irreparables, que nos sitúa no terreo do estado de necesidade (STC 102/1995, do 26 de xuño, FX 8)» (STC 194/2011, do 13 de decembro, FX 5). En consecuencia, «sen que o recurso á técnica do desprazamento de competencias ao Estado,

no caso de efectos extraterritoriais do exercicio da competencia executiva autonómica, deba ser asumido como solución. O Estado, ao fixar os puntos de conexión territorial que xulgue oportunos e resulten acordes coa finalidade perseguida pola norma, estaría determinando, precisamente, a Comunidade Autónoma á cal en cada caso correspondería exercer as funcións de execución a que a norma fai referencia, ofrecendo ás comunidades autónomas unha regra de atribución de competencias que pretende evitar o eventual conflito de intereses» (STC 194/2011, do 13 de decembro, FX 6)» (STC 35/2012, FX 5).

Doutra banda, a doutrina do Tribunal Constitucional exige o establecemento das bases reguladoras de subvencións mediante real decreto nos casos en que se invoque, como aquí ocorre –aínda que de modo conxunto con competencias exclusivas–, unha competencia básica (STC 175/2003, do 30 de setembro, ou STC 156/2011, do 18 de outubro). Así, a STC 156/2011, do 20 de outubro, afirma que «este tribunal insistiu en que a regulación de subvencións mediante orde ministerial, polo seu rango normativo, non se avén coas exixencias formais da normativa básica» (SSTC 242/1999, do 21 de decembro, FX 9; 98/2001, do 5 de abril, FX 7; 188/2001) e prosegue: «Este criterio respecto á cobertura formal da normativa básica debe ser exixido, mesmo con maior rigor, nos supostos de subvencións estatais centralizadas nos ámbitos materiais en que a Constitución reserva ao Estado a normativa básica, tendo en conta que esa xestión centralizada se erixe en excepción que limita o exercicio ordinario das súas competencias por parte das comunidades autónomas ».

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, garántense os principios de necesidade e eficacia, debido a que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen, e o principal é dar resposta ás necesidades sociais e económicas extraordinarias do sector pesqueiro afectado polo impacto sobrevido do COVID-19; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, pois asegura a súa correcta incardinación e congruencia co resto da regulación existente na materia. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en canto que asegura a máxima eficacia dos seus postulados para garantir que as axudas chegan dunha maneira áxil a todos os beneficiarios, e leva incorporada a propia convocatoria, e de transparencia, ao garantirse unha ampla participación na súa elaboración.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado e emitiron informe sobre el a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada no departamento, de acordo co disposto polo artigo 17.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este proxecto someteuse aos trámites de audiencia e información pública.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, logo de informe do Ministerio de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as bases reguladoras para a concesión de axudas aos pescadores de buques pesqueiros españois que se visen afectados por medidas de paralización temporal da actividade pesqueira, conforme o establecido no artigo 33.1.d) do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, e

cando se tramitase a presentación dun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada regulados no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, incluíndo o establecido polos artigos 22 e 23 da Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, cando a dita paralización temporal tivese lugar entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020.

2. Ao abeiro da facultade que outorga o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese a concesión directa, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia, establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de acordo co establecido neste real decreto e na convocatoria de axudas correspondente.

3. Tamén se establece neste real decreto a convocatoria para o primeiro período de referencia de paralización temporal, que se fixou na disposición adicional única entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020, aínda que se poderá ampliar ao período comprendido entre o 16 de xullo e o 31 de decembro, se as circunstancias de evolución da pandemia así o aconsellaren, mediante a correspondente convocatoria acordada polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. Non será de aplicación a duración máxima de seis meses de axuda, segundo o disposto no artigo 33.2 do Regulamento n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Artigo 2. *Beneficiarios das axudas.*

1. Poderanse beneficiar destas axudas os pescadores españois, os nacionais dos Estados membros de Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suíza, e as persoas estranxeiras que conten con autorizacións de residencia e traballo en vigor, embarcados en buques pesqueiros españois de calquera modalidade de pesca e con porto base en calquera das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, autorizados pola Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e que estean afectados por paralización temporal da actividade pesqueira como consecuencia do gromo do COVID-19, cando se tramitase un procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada, e que reúnan as condicións e os requisitos establecidos neste real decreto.

Tamén se poderán beneficiar destas axudas os armadores ou titulares que sexan persoas autónomas enroladas a bordo da embarcación que cumpran os requisitos exixidos para a súa obtención.

2. Os pescadores terán dereito a optar á axuda por estaren incluídos no rol do buque afectado pola paralización temporal e cumpriren cos demais requisitos establecidos.

Artigo 3. *Requisitos para a obtención das axudas.*

1. Para a obtención destas axudas, os pescadores deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar ao día no pagamento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, non ser debedores por resolución de procedencia de reintegro e non ser inhabilitados por sentenza firme para obter subvencións.

b) Deberán figurar enrolados, no momento de sobrevir o cesamento temporal das actividades pesqueiras como consecuencia do gromo de COVID-19, a bordo dalgún dos buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira incluídos na relación certificada para o efecto polo armador de estar incluído no rol da embarcación, co visto e prace de Capitanía Marítima, que se presentará conforme o artigo 7.6. Con todo, se, como consecuencia da situación excepcional, os servizos de Capitanía Marítima non puideren comprobar a vinculación de pescadores co buque, comprobarase a través da información existente noutros rexistros ou bases de datos oficiais a que as administracións xestoras teñan acceso en función das súas competencias.

c) Deberanse encontrar na situación de alta na Seguridade Social no momento de inicio do cesamento temporal e continuar coa dita situación mantendo ininterrompida a relación laboral coa empresa armadora da embarcación en que se encontraban enrolados no momento de sobrevenir o cesamento temporal das actividades pesqueiras como consecuencia do gromo de COVID-19, durante a parada.

d) Deberán ter un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, polo menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.

2. Os ditos pescadores terán que traballar a bordo dun buque pesqueiro español afectado pola paralización temporal polo menos 120 días, durante os dous anos civís anteriores á data de presentación da solicitude.

Cando un pescador comezase a traballar a bordo dun buque pesqueiro español afectado pola paralización menos de dous anos antes da data de presentación da solicitude, calcularanse os días mínimos de traballo requiridos para o dito pescador como a proporción de 120 días nos dous últimos anos civís, de modo que os días de traballo exixidos para o cumprimento deste requisito serán os días resultantes de dividir entre 6 os días en que estivese de alta na Seguridade Social no dito buque ata o día anterior ao comezo do período de solicitude previsto na correspondente convocatoria.

Os días totais de parada realizados polos buques en que se encontraban enroladas as persoas solicitantes da axuda serán proporcionados pola Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020, segundo os cálculos efectuados en virtude do Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia de COVID-19, e polo que se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.

Nos casos en que a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura non poida determinar os períodos ou días concretos extraordinarios de inactividade pesqueira que exceden no ano 2020 o período de inactividade do ano de referencia, os días subvencionables que proporcionen aplicaranse desde o inicio do procedemento de regulación temporal de emprego.

3. Tamén poderán percibir as axudas os pescadores que, mantendo ininterrompida a súa relación laboral coa empresa, non figuren enrolados no momento da paralización como consecuencia de incapacidade temporal, permisos retribuídos, vacacións, excedencia ou expectativa de embarque, nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, coa condición de que cumpran os demais requisitos establecidos no punto anterior e quede acreditado o cesamento nesa situación ao longo do período de tempo de duración da parada.

4. O armador do buque deberá presentar ante as autoridades laborais a correspondente comunicación de inicio do procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada regulados no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, por motivo do COVID-19, dos enrolados na embarcación.

A suspensión producirá efectos, no suposto de causa de forza maior, desde a data do feito causante da forza maior e, no suposto de causas económicas técnicas, organizativas ou de produción, a partir da data de comunicación á autoridade laboral da decisión do empresario de suspender as relacións laborais, unha vez que se tramitou o procedemento de suspensión, salvo que sexa de aplicación o artigo 2.3 do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego.

Os documentos acreditativos das situacións referidas neste punto xuntaranse coa solicitude conforme o artigo 7.6.

Artigo 4. *Incompatibilidade con outras axudas ou ingresos.*

1. As axudas para os pescadores son incompatibles co traballo por conta propia ou por conta allea da persoa beneficiaria durante o período de dereito das axudas e coa

percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. No caso de que o recoñecemento da axuda a un pescador poida dar lugar a unha incompatibilidade sobrevida co recoñecemento dun dereito anterior por protección por desemprego ou por cesamento de actividade, ou por prestación extraordinaria de cesamento de actividade, tal circunstancia será notificada polo Instituto Social da Mariña ao interesado, e este poderá optar, no prazo de dez (10) días desde a notificación, entre a percepción da axuda e a protección por desemprego ou por cesamento de actividade ou pola prestación extraordinaria de cesamento de actividade, no caso de que sexan persoas traballadoras autónomas.

Se no referido prazo de dez (10) días desde a notificación non manifesta por escrito a súa elección entre ambas, entenderase que opta por percibir a axuda. Se o interesado opta por percibir a axuda, realizaranse as regularizacións que procedan respecto da protección por desemprego ou por cesamento de actividade ou pola prestación extraordinaria de cesamento de actividade, no caso de que sexan persoas traballadoras autónomas, concorrente coa axuda pública por parada temporal. Se opta pola protección por desemprego ou por cesamento de actividade ou pola prestación extraordinaria de cesamento de actividade, denegáraselle o cobramento da axuda solicitada por incompatibilidade.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, a percepción destas axudas pola condición de pescador dun buque será compatible coa percepción de axudas como armador dun buque.

4. As axudas non se poderán percibir durante os períodos subvencionables das paralizacións temporais da actividade pesqueira regulados nas alíneas a), b) ou c) do artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

5. Non obstante o indicado no número 4, o dito punto non será de aplicación para aquelas paradas temporais reguladas nas alíneas a), b) ou c) do artigo 33.1, cuxa aplicación se circunscribe a días soltos de paradas.

Artigo 5. *Financiamento.*

1. As axudas serán cofinanciadas conforme o disposto no artigo 33.1.d) do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014. Do total da axuda concedida, a contribución a cargo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) será dun 75 %, e o outro 25 % corresponderá á contribución do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da partida orzamentaria indicada no número 5.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a contía que se determine na convocatoria correspondente, para o financiamento das axudas a pescadores.

3. A realización de propostas de pagamento destas axudas polo Instituto Social da Mariña quedará supeditada á existencia de financiamento suficiente na Tesouraría Xeral da Seguridade Social que permita ordenar e materializar os pagamentos mediante os fondos que transfira o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á dita tesouraría xeral, aos cales se refire o punto anterior.

4. O gasto previsto para estas axudas poderase imputar a exercicios posteriores a aquel en que se dite a resolución de concesión, conforme o previsto no artigo 57 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e, en caso de pagamento en exercicios posteriores, someterase aos límites fixados no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

5. As convocatorias das axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 21.11.415B.777 «Axudas para compensar os efectos do COVID-19», da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura.

Artigo 6. *Cálculo do importe da axuda.*

1. O importe máximo da axuda á paralización temporal da actividade pesqueira para os pescadores calcularase multiplicando 50 euros polo número de días de parada a que teñan dereito:

$$\text{Axuda pescadores} = \text{Ddd (días de dereito)} \times 50 \text{ euros}$$

O número máximo de días subvencionables non será maior que o número máximo de días laborables para efectos pesqueiros no período de parada do buque comprendido entre o 16 de marzo de 2020 e o 31 de decembro de 2020, en función do período consignado na convocatoria. No caso dos tripulantes que percibisen prestacións por desemprego, prestación por cesamento de actividade ou prestación extraordinaria por cesamento de actividade, os días de axuda poderanse recoñecer consecutivos para poder facer as regularizacións que correspondan.

2. O Instituto Social da Mariña descontará da contía sinalada no punto anterior a cota do traballador á Seguridade Social e ingresará a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con excepción daqueles casos en que a persoa beneficiaria sexa un armador ou titular que sexa persoa autónoma enrolada como pescador; nese caso, a contía da axuda non terá ningún desconto en concepto de cotización. En todo caso, non se poderá superar a contía de 50 euros por día.

3. O empresario ou armador do buque deberá manter os seus traballadores en situación de alta na Seguridade Social durante o período de inactividade a que teñan dereito, aboando a cota empresarial correspondente ao dito período ao seu exclusivo cargo ou, de ser o caso, aplicándose as exoneracións da cotización do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, do Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, e do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

No caso de que a persoa beneficiaria sexa un armador ou titular que sexa persoa autónoma enrolada como pescador, deberá permanecer de alta como tal traballador autónomo na Seguridade Social durante o período de inactividade a que teña dereito, aboando a cotización íntegra correspondente a este ao seu exclusivo cargo, salvo que percibise a prestación extraordinaria por cesamento de actividade, caso en que se aplicarán os beneficios da cotización do artigo 17.4 do Real decreto lei 8/2020.

Artigo 7. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iniciarase de oficio mediante a publicación no «Boletín Oficial del Estado» do extracto da correspondente convocatoria aprobada polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación –sen prexuízo da disposición adicional única para o primeiro tramo das axudas–, ademais da súa publicación na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) <http://www.infosubvenciones.gob.es>, con indicación do importe total dispoñible e a concreción dos requisitos da concesión, as características e a documentación que se deberá achegar.

2. A convocatoria fixará o prazo de presentación das solicitudes e o modelo de solicitude. O prazo non poderá ser inferior a dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do extracto no «Boletín Oficial del Estado».

3. As solicitudes de axudas previstas neste real decreto dirixiranse ao director provincial do Instituto Social da Mariña, conforme o modelo que figura no anexo I, presentaranse ante as direccións locais ou provinciais do Instituto Social da Mariña, de forma electrónica a través da sede electrónica da Seguridade Social, www.sede.seg-social.gob.es, e acreditaranse mediante certificado electrónico ou Cl@ve permanente ou en

calquera dos lugares e rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Ata que o Goberno declare a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de acordo co previsto no artigo 2.3 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, débese priorizar o uso da presentación electrónica das solicitudes a través da sede electrónica da Seguridade Social, www.sede.seg-social.gob.es. Así mesmo, poderanse presentar electronicamente a través da canle de comunicación aberta para uso sen certificado, que se encontra situada na sede electrónica da Seguridade Social, «Presentación doutros escritos, solicitudes e comunicacións (Instituto Social da Mariña)».

No caso de non dispoñer de certificado electrónico ou clave permanente, poderanse presentar as solicitudes nas oficinas do Instituto Social da Mariña. Para a presentación das solicitudes nas oficinas do Instituto Social da Mariña, será necesaria cita previa.

No suposto de presentación da solicitude electronicamente sen certificado, o interesado deberá deixar constancia expresa da súa vontade ou consentimento para a tramitación do seu expediente de solicitude de axudas. Provisionalmente, admitirase a identidade declarada polo interesado, sen prexuízo das comprobacións que poida facer o Instituto Social da Mariña, a través dos medios xa establecidos para verificar a identidade mediante o acceso ao sistema SVDIR, que implementa a verificación e a consulta dos datos de identidade, regulado no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, e a verificación de datos de residencia, regulado no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, así como a consulta de datos patronais (Secopa), utilizando o marco Pros@ das aplicacións corporativas da Seguridade Social e outros medios similares. O Instituto Social da Mariña poderá consultar ou solicitar a información e os documentos que xa se encontren en poder das administracións públicas, salvo que o interesado se opoña a iso, nos termos e coas excepcións establecidas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se, como consecuencia do peche de oficinas públicas, o interesado non pode presentar o documento preceptivo ou observar o procedemento habitual establecido para o efecto, deberá achegar documentos ou probas alternativos que, de ser o caso, consten no seu poder, da concorrencia dos requisitos ou condicións exixidos no procedemento para o recoñecemento das axudas, sen prexuízo da obrigaón de presentar os documentos preceptivos unha vez que finalicen as medidas urxentes de prevención. Se o interesado non ten ou non pode obter documentos alternativos que acrediten o seu dereito, poderase admitir unha declaración vinculante sobre os datos ou documentos que pretenda facer valer, sen prexuízo da obrigaón de presentar con posterioridade os documentos acreditativos dos feitos ou datos alegados e a revisión das prestacións recoñecidas con carácter provisional.

Se a solicitude se presentou telematicamente mediante a canle habilitada para acceso sen certificado dixital nin Cl@ve permanente, de acordo coa solicitude presentada e os documentos, de ser o caso, achegados, a Dirección Provincial do Instituto Social da Mariña efectuará as comprobacións correspondentes e ditará a resolución provisional que sexa procedente en que estime ou desestime o dereito. As direccións provinciais do Instituto Social da Mariña revisarán todas as resolucións provisionais de recoñecemento de axudas a pescadores adoptadas baixo este réxime transitorio. De ser o caso, efectuarase o aboamento daquelas cantidades que resulten procedentes tras a oportuna revisión. No caso de que, tras esta actuación, se desprenda que o pescador non ten dereito á axuda, iniciaranse as actuacións necesarias co fin de reclamar as cantidades indebidamente percibidas.

5. Sen prexuízo do terceiro parágrafo do punto anterior, no resto de supostos as solicitudes deberán expresar o consentimento ou oposición para que o órgano xestor das axudas poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, os datos de identidade da persoa solicitante, así como a información sobre o cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou sobre outras circunstancias das persoas solicitantes ou das solicitudes

que, de acordo coa convocatoria e coa normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, a persoa solicitante deberá achegar os documentos, certificados ou probas que para o efecto se exixen. Todo iso se presentará conforme os anexos deste real decreto.

6. A solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia, se procede.

b) Declaración responsable da persoa solicitante, segundo o modelo normalizado anexo II á convocatoria, e deberá incluír o compromiso de manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao procedemento de concesión da axuda, salvo nos casos en que unha norma específica, nacional ou europea, estableza períodos superiores, e na cal conste de maneira fidedigna:

1.º Non ter exercido ningunha actividade remunerada durante o período de parada subvencionable.

2.º Estar ao día no pagamento de obrigacións por reintegro e de reembolso, tanto coa Administración xeral do Estado como coas administracións das comunidades autónomas.

3.º Non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións por incumprimento da normativa que resulte da aplicación en materia de igualdade entre homes e mulleres.

4.º Non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, nin estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da mesma lei.

5.º Non ter recibido outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as axudas que poidan percibir os armadores ou titulares que sexan persoas autónomas enroladas como pescadores aos cales se refire a excepción do artigo 4. De se solicitar e estar pendente de resolución, o interesado deberá comunicalo e poderase proceder ao reintegro total ou parcial da que se lle concedeu.

c) En cumprimento do artigo 3.1.b), certificado do armador de estar incluído no rol da embarcación, co visto e prace de Capitanía Marítima, de acordo co modelo que figurará no anexo III na convocatoria.

d) En cumprimento do artigo 3.4, documentación acreditativa da comunicación do empresario á autoridade laboral da súa decisión de suspender os contratos de traballo unha vez tramitado o procedemento de suspensión e, nos casos de forza maior, a resolución da autoridade laboral.

e) En cumprimento do artigo 7.4, no suposto de presentación da solicitude electronicamente sen certificado, o interesado deberá deixar constancia expresa da súa vontade ou consentimento á tramitación do seu expediente de solicitude de axudas achegando declaración sobre a identidade do interesado, sen prexuízo das comprobacións que poida facer o Instituto Social da Mariña, ou se, como consecuencia do peche de oficinas públicas, o interesado non pode presentar o documento preceptivo ou observar o procedemento habitual establecido para o efecto, documentos ou probas alternativos que, de ser o caso, consten no seu poder, da concorrencia dos requisitos ou condicións exixidos no procedemento para o recoñecemento das axudas, sen prexuízo da obrigaición de presentar os documentos preceptivos unha vez que finalicen as medidas urxentes de prevención. Se o interesado non ten ou non pode obter documentos alternativos que acrediten o seu dereito, poderase admitir unha declaración vinculante sobre os datos ou documentos que pretenda facer valer.

Sen prexuízo da anterior documentación, a Administración competente para tramitar e resolver as axudas poderalle requirir ao solicitante calquera outro documento acreditativo de situacións que sexa necesario xustificar para resolver as axudas, en particular a de encontrarse na situación de alta na Seguridade Social no momento de inicio do cesamento

temporal e manter ininterrompida a relación laboral coa empresa armadora da embarcación en que se encontraban enrolados no momento de sobrevir o cesamento temporal e acreditar un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, polo menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.

7. Se a documentación que se xunta á solicitude presentada for incompleta ou contiver erros emendables, o órgano instrutor requirirá as persoas solicitantes para que, no prazo de dez (10) días hábiles, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emenden a falta ou xunten os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixeren, se considerarán que desisten da súa solicitude, de acordo co dito artigo e cos efectos previstos no seu artigo 21.1, segundo parágrafo.

8. Cando as solicitudes se presenten por medio de representante, o prazo previsto no artigo 5.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para emendar a falta ou insuficiencia de acreditación da representación que se produza, cando as circunstancias do caso así o requiran, ampliarase polo tempo necesario e, polo menos, a quince (15) días hábiles.

Artigo 8. *Ordenación e instrución.*

1. As direccións provinciais do Instituto Social da Mariña, como órgano instrutor, realizarán todas as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales deberán formular a proposta de resolución. Unha vez instruído o expediente, elevarase unha proposta de resolución ao director provincial para a súa resolución.

2. O órgano instrutor poderá solicitar todos os documentos e os informes que considere necesarios de acordo cos artigos 68 e 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Vistos os obxectivos mencionados desta axuda, non cabe establecer parámetros comparativos que permitan unha prelación xa que o pescador xera o seu dereito de axuda ao estar nun buque suxeito á tramitación dun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada e cumprir o resto de requisitos exixidos.

Artigo 9. *Resolución e notificación.*

1. O director provincial correspondente do Instituto Social da Mariña ditará e notificará ao interesado, por delegación do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, a resolución no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación do extracto da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

2. Se, transcorrido o dito prazo, non se notificou a resolución, os interesados poderán entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 25.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. As notificacións e resolucións do procedemento de concesión ao interesado realizaranse por medios electrónicos, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 e 88, respectivamente, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. O órgano concedente remitirá á Base de datos nacional de subvencións a información sobre as axudas outorgadas na forma regulamentariamente establecida, para incluílas no Sistema nacional de publicidade de subvencións.

5. Contra a resolución que se dite os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10. *Realización do pagamento.*

A realización do pagamento, que terá carácter extraorxamentario para a Seguridade Social, efectuarao a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, entre os días 10 e 20 do mes seguinte ao da notificación da resolución da concesión de axuda.

Artigo 11. *Extinción das axudas.*

Para efectos deste real decreto, o dereito á obtención destas axudas extinguirase nos seguintes supostos:

- a) Por cesar a inmovilización da embarcación a que se encontraban vinculados os traballadores no momento da paralización.
- b) Por iniciar o traballador actividades laborais por conta propia ou allea; non obstante o anterior, no caso de que o traballador realice, a bordo da embarcación a que se encontraba vinculado no momento da parada, actividades orixinadas por movementos do barco motivados por razóns de seguridade, así como os desprazamentos do barco a varadoiro para efectuar labores de mantemento ou reparacións, ou os movementos do barco nos supostos da participación do buque na celebración de festas mariñeiras tradicionais durante o período de parada temporal, o aboamento do dereito suspenderase polo tempo que duren as ditas actividades.
- c) Por iniciarse os efectos económicos das prestacións de Seguridade Social que resulten incompatibles co traballo, coa excepción das prestacións de incapacidade temporal, de nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural; nese caso, o aboamento das axudas suspenderase durante o tempo en que se perciban as ditas prestacións.
- d) Por extinguirse a relación laboral do traballador coa empresa armadora.
- e) Por deixar de reunir calquera dos requisitos que motivaron o recoñecemento do dereito ás axudas.
- f) Por falecemento ou declaración de falecemento da persoa beneficiaria.

Artigo 12. *Incumprimentos e reintegros.*

1. De non se cumpriren as condicións necesarias para a percepción das axudas, procederase á devolución das cantidades cobradas na súa totalidade e o xuro de demora exigible e iniciarase o procedemento de reintegro do seu importe de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Así mesmo, o Instituto Social da Mariña solicitará da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a devolución das cotas dos traballadores indebidamente ingresadas.

3. Os posibles incumprimentos das condicións impostas determinarán o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

Artigo 13. *Acceso á prestación por desemprego ou por cesamento de actividade no caso de persoas traballadoras autónomas.*

1. Finalizado o período de percepción da axuda, o traballador por conta allea unicamente poderá acceder á prestación por desemprego se cumpre os requisitos do artigo 266 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, entendendo como data de cesamento, se este se produce, a de finalización da percepción de axudas.

2. No caso daqueles que sexan persoas traballadoras autónomas, o acceso á percepción da prestación por cesamento da actividade quedará condicionado ao cumprimento dos requisitos do artigo 330 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 14. *Infraccións e sancións.*

As posibles infraccións que poida cometer a persoa beneficiaria graduaranse e sancionaranse de acordo co establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 15. *Publicidade das axudas.*

1. A publicidade das axudas realizarase a través da Base de datos nacional de subvencións, de conformidade co disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A aceptación da axuda supón a aceptación da súa inclusión nas lista de persoas beneficiarias, publicada por vía electrónica, na cal figuren os nomes das operacións e o importe do financiamento público asignado ás operacións, de acordo co artigo 119.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, así como no Sistema nacional de publicidade de subvencións.

Artigo 16. *Protección de datos.*

1. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Os datos de carácter persoal que as persoas beneficiarias teñen que facilitar para obter a axuda solicitada incorpóranse a ficheiros informáticos situados baixo a responsabilidade da Subdirección Xeral da Seguridade Social dos Traballadores do Mar do Instituto Social da Mariña e utilizaranse para a xestión, o control, a avaliación e a proposta de pagamento da axuda solicitada.

3. A información poderá ser cedida, no marco da utilización antes citada, a outras administracións públicas ou a empresas privadas ás cales as administracións públicas lles encarguen traballos en relación coa xestión, control, avaliación e pagamento da axuda solicitada, como parte das tarefas de verificación e auditoría das axudas cofinanciadas con cargo ao FEMP.

Artigo 17. *Loita contra a fraude.*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco de calquera das convocatorias para a concesión de axudas obxecto destas bases, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito servizo no enderezo web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx> nos termos establecidos na Comunicación 1/2007, do 3 de abril, do citado servizo, que se achegará como anexo IV na correspondente convocatoria.

Disposición adicional única. *Convocatoria das axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020, pola paralización temporal da frota, aos pescadores cun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada, como consecuencia do COVID-19, para o período comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.*

Primeiro. *Obxecto.*

Convócanse, para o exercicio 2020, as axudas aos pescadores cun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada, regulada no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira, como consecuencia do gromo do COVID-19.

O período de referencia para esta convocatoria de axudas é o comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.

Segundo. *Bases reguladoras.*

As bases reguladoras destas axudas establécense neste real decreto.

Terceiro. *Financiamento, créditos orzamentarios e contía total máxima das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social unha contía máxima total de 3.000.000 de euros para o financiamento

das axudas, con cargo á aplicación orzamentaria 21.11.415B.777 dos orzamentos xerais do Estado de 2020 «Axudas para compensar os efectos do COVID-19».

2. A proposta de pagamento destas axudas queda supeditada a que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social dispoña de fondos suficientes para proceder ao dito pagamento en función dos fondos transferidos.

3. O importe máximo da axuda poderá acadar o 100% do importe subvencionable; a contribución con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca é do 75% e o outro 25% restante corresponde á contribución nacional, de acordo co disposto nos artigos 95.2 e 94.3 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e a excepcionalidade das medidas específicas para atenuar o impacto do COVID-19.

4. O gasto previsto para estas axudas poderase imputar a exercicios posteriores a aquel en que se dite a resolución de concesión, conforme o previsto no artigo 57 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Cuarto. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas os pescadores que cumpran os requisitos establecidos neste real decreto.

Quinto. *Contía máxima.*

A contía máxima rexerase segundo o establecido no artigo 6 deste real decreto para o período comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.

Sexto. *Duración.*

1. Esta convocatoria cobre os días de inactividade subvencionables calculados de acordo co Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, desde o 16 de marzo ata o 15 de xullo de 2020, ambos inclusive.

2. O número máximo de días subvencionables non será maior que o número máximo de días laborables para efectos pesqueiros no período de parada do buque comprendido entre o 16 de marzo de 2020 e o 15 de xullo de 2020, ambos inclusive, é dicir, o número máximo de días subvencionables non será maior de 85 días.

Sétimo. *Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo para a presentación de solicitudes comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado» e será de 20 días hábiles a partir da dita data.

Oitavo. *Procedemento e resolución.*

1. As solicitudes achegaranse coa documentación prevista no artigo 7.6 deste real decreto.

2. A ordenación e a instrución do procedemento realizaranas, de acordo con este real decreto, os órganos descritos nel.

3. O director provincial correspondente do Instituto Social da Mariña ditará e notificará, por delegación do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao interesado a resolución no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación do extracto da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e notificaráa conforme o previsto neste real decreto.

4. Se, transcorrido o dito prazo, non se notificou a resolución, os interesados poderán entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 25.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Contra a resolución que se dite, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte

ao da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Noveno. *Xestión das axudas por paralización temporal.*

1. De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación delega nos directores provinciais do Instituto Social da Mariña a competencia para a tramitación, xestión e resolución das axudas aos pescadores, cando se tramitase un procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada regulado no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Realizarase con proposta de pagamento centralizada, cuxa ordenación e materialización se producirá a través da caixa pagadora central da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura proporcionará ao Instituto Social da Mariña a certificación da información para cada buque dos períodos subvencionables, segundo os cálculos efectuados en virtude do Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, así como das paralizacións temporais da actividade pesqueira regulados das alíneas a), b) e c) do artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polos que non se pode recoñecer a axuda que xestiona este instituto aos pescadores.

Décimo. *Incompatibilidade das axudas.*

As axudas reguladas nesta convocatoria para os pescadores son incompatibles, nos termos establecidos no artigo 4 deste real decreto.

Así mesmo, se se produce algunha incompatibilidade ou causa de suspensión ou extinción das axudas, o beneficiario deberá obrigatoriamente comunicalo ao Instituto Social da Mariña, presentando, de ser o caso, a documentación necesaria.

Décimo primeiro. *Realización do pagamento.*

A realización do pagamento terá carácter extraorxamentario para a Seguridade Social. Efectuarao a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, entre os días 10 e 20 do mes seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

Décimo segundo. *Loita contra a fraude.*

Aplicarase a este respecto o regulado no presente real decreto.

Décimo terceiro. *Réxime de recursos.*

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, caberá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o ministro de Agricultura, Pesca, e Alimentación, no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación do seu extracto, de acordo co disposto no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnarse directamente, ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo máximo de dous meses desde a dita data, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen que se poidan compaxinar ambas as vías de impugnación.

Décimo cuarto. *Efectos.*

Esta disposición producirá efectos desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia do COVID-19, se convocan esas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.*

O Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia do COVID-19, se convocan esas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa, modifícase como segue:

Un. O artigo 16.1 queda redactado como segue:

«1. Os xustificantes bancarios e recibos establecidos no modelo de solicitude de axudas conforme o disposto no anexo I deberanse achegar a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación indicada no artigo 9.2, no prazo máximo de dous meses desde a percepción efectiva da axuda, na conta corrente do armador.»

Dous. O segundo parágrafo do punto cuarto da disposición adicional primeira queda redactado como segue:

«A presentación de solicitudes realizarase unicamente a través do rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conforme o modelo normalizado que se xunta como anexo I e que estará dispoñible na sede electrónica deste ministerio: (<https://sede.mapa.gob.es/>), e deberán ir acompañadas da documentación indicada no artigo 9.»

Disposición derradeira segunda. *Réxime xurídico aplicable.*

Estas axudas rexeranse, ademais de polo particularmente disposto neste real decreto, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como polo previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e nas demais disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 149.1.19.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases de ordenación do sector pesqueiro, e da competencia que en materia de réxime económico da Seguridade Social lle atribúe en exclusiva ao Estado o artigo 149.1.17.^a da Constitución española.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación de anexos.*

Habílitase o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar mediante orde o contido dos deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I



MINISTERIO DE
INCLUSIÓN, SEGURIDADE
SOCIAL E MIGRACIÓNS



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



INSTITUTO SOCIAL
DA MARIÑA

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS A FAVOR DE TRIPULANTES-PESCADORES
Real decreto 969/2020, do 10 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o primeiro tramo do exercicio 2020, de axudas pola paralización temporal da frota aos pescadores cun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada como consecuencia do COVID-19 e polo que se modifica o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo.

Lugar para poñer o selo do Rexistro

1. DATOS PERSOAIS DO BENEFICIARIO

IPF (Nº NIF, PASAPORTE OU TIE)				Nº AFILIACIÓN SEGURIDADE SOCIAL			
PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NOME	
TIPO VIA	NOME			NUMERO	ESCALEIRA	PISO	PORTA
LOCALIDADE				PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO				TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL	

2. DATOS CODIFICADOS DA CONTA DO BENEFICIARIO

Código IBAN		Código entidade	Nº sucursal	Díxito control	Nº de conta
-------------	--	-----------------	-------------	----------------	-------------

(Sinatura e selo da entidade financeira)

CÓDIGO BIC/SWIFT

Código entidade	País	Localidade	Oficina
-----------------	------	------------	---------

3. DATOS DA EMBARCACIÓN

NOME DO BUQUE:			MATRÍCULA:	FOLIO:
CODIGO CONTA COTIZACIÓN				NIB
0	8			

4. DATOS DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE	SINATURA DO SOLICITANTE	OBSERVACIÓNS ISM
------------------------------------	-------------------------	------------------

Para a obtención das axudas, os tripulantes de buques de pesca deberán reunir os seguintes requisitos:

- Figurar enrolados no momento de sobrevir a parada a bordo dalgún dos buques pesqueiros españois afectados pola paralización temporal da actividade pesqueira. Os buques afectados estarán incluídos na relación certificada para o efecto pola Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- Estar incluídos no procedemento de suspensión de contratos de traballo ou redución de xornada como consecuencia do gromo de COVID-19.
- Encontrarse na situación de alta na Seguridade Social no momento de inicio do cesamento temporal e continuar coa dita situación mantendo ininterrompida a relación laboral coa empresa armadora da embarcación en que se encontraban enrolados no momento de sobrevir o cesamento temporal das actividades pesqueiras como consecuencia do gromo de COVID-19, durante a parada.
- Acreditar un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, polo menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.
- Estar ao día no pagamento das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.
- Ter traballado no mar polo menos durante 120 días durante os dous anos civís anteriores á data de presentación da solicitude destas axudas a bordo dun buque pesqueiro español afectado pola paralización temporal, ou o período que corresponda de acordo coa alínea b) do artigo 33.3.bis do Regulamento (UE) n° 508/2014.
- Non ser debedores por resolución de procedencia de reintegro e non ter sido inhabilitados por sentenza firme para obter subvencións.

CÓD. IDENTIFICACIÓN

SR./SRA. DIRECTOR/A PROVINCIAL DO INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA DE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE

a) Autorización expresa ao órgano xestor para comprobar ou obter:

Os datos de identidade da persoa solicitante mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de identidade previsto no número 3 do artigo único do Real decreto 522/2006, do 28 de abril.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> N
Os certificados que acrediten estar ao día de pagamento das obrigacións fiscais e da Seguridade Social, da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou organismo foral correspondente, e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> N
Os datos que acrediten os requisitos exixidos e as situacións de incompatibilidade, suspensión e extinción, necesarios para resolver a solicitude, da Administración da Seguridade Social, e do Servizo Público de Emprego Estatal, ou de calquera outro organismo ou Administración pública.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> N
A non comisión de fraude e a percepción de subvencións, mediante consulta á Base de datos nacional de subvencións.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> N

No suposto de non prestar a autorización, deberase presentar a documentación acreditativa correspondente.

- b) Certificado do armador de estar incluído no rol da embarcación, co visto e prace de capitanía marítima, segundo anexo III.
- c) Documentación acreditativa da suspensión dos contratos de traballo ou redución de xornada por causa de forza maior, coa resolución da autoridade laboral.
- d) Declaración responsable da persoa solicitante, segundo anexo II.
- e) Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia, se procede.
- f) Outros
-
-

, de 20
O/A
SOLICITANTE

Asdo.:

PROTECCIÓN DE DATOS. Esta solicitude recolle datos de carácter persoal que, co seu consentimento, pasarán a formar parte dun tratamento realizado polo Instituto Social da Mariña conforme o Regulamento xeral de protección de datos (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016. A finalidade do tratamento e a realización das funcións derivadas da solicitude e, de ser o caso, a cesión a órganos ou organismos das administracións públicas nos termos legalmente establecidos. Ten dereito ao acceso, rectificación, oposición ou supresión do seus datos en: Subdirección Xeral de Seguridade Social, Instituto Social da Mariña, no enderezo r/ Génova 24, 28004 Madrid ou na correspondente dirección provincial.

OBSERVACIÓNS I.S.M.:

Sinatura funcionario/a:.....

ANEXO II



MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE
SOCIAL E MIGRACIÓNS



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



INSTITUTO SOCIAL
DA MARIÑA

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Identificación do que asina:

Nome: _____ Apelidos: _____

NIF: _____ Domicilio: _____

Medidas dirixidas a pescadores por paralización temporal da actividade pesqueira (*cúbrase*)

No seu propio nome

En representación de (*identificación empresa, entidade, etc.*) _____

NIF: _____ Domicilio: _____

Que solicitou axuda pública cofinanciada polo FEMP (Rgto. (UE) 508/2014 modificado polo Rgto. 560/2020), no marco da convocatoria do Real decreto 969/2020, do 10 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o primeiro tramo do exercicio 2020, de axudas pola paralización temporal da frota aos pescadores cun procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada como consecuencia do COVID-19 e polo que se modifica o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo.

FAI DECLARACIÓN RESPONSABLE DE:

Non ter exercido ningunha actividade remunerada durante o período de parada subvencionable.

Estar ao día no pagamento de obrigacións por reintegro e de reembolso, tanto coa Administración xeral do Estado como coas administracións das comunidades autónomas.

Non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións por incumprimento da normativa que resulte da aplicación en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin encontrarse incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da mesma lei.

Non ter recibido nin solicitado outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as axudas que poidan percibir os armadores ou titulares autónomos enrolados como tripulantes a que se refire a excepción do artigo 4 do real decreto citado.

No suposto de que fose sancionado ou condenado en firme por algunha das causas expostas nesta declaración, identificarase con copia da resolución sancionadora ou sentenza condenatoria.

E COMPROMÉTESE:

1. A manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao procedemento de concesión da axuda, salvo nos casos en que unha norma específica, nacional ou europea, estableza períodos superiores.

, de de 20

Asdo.:

PROTECCIÓN DE DATOS. Este modelo recolle datos de carácter persoal que, co seu consentimento, pasarán a formar parte dun tratamento realizado polo Instituto Social da Mariña conforme o Regulamento xeral de protección de datos (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016. A finalidade do tratamento é a realización das funcións derivadas da solicitude e, de ser o caso, a cesión a órganos ou organismos das administracións públicas nos termos legalmente establecidos. Ten dereito ao acceso, rectificación, oposición ou supresión dos seus datos en: Subdirección Xeral de Seguridade Social, Instituto Social da Mariña, no enderezo r/ Génova 24, 28004 Madrid, ou na correspondente dirección provincial.

ANEXO III


Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP)



INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA

ANEXO III
CERTIFICADO DO ARMADOR DE ESTAR INCLUÍDO NO ROL DA EMBARCAÇÃO

REAL DECRETO 969/2020, DO 10 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA, PARA O PRIMEIRO TRAMO DO EXERCICIO 2020, DE AXUDAS POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA FROTA AOS PESCADORES CUN PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS OU REDUCCIÓN DE XORNADA COMO CONSECUENCIA DO COVID-19 E POLO QUE SE MODIFICA O REAL DECRETO 703/2020, DO 28 DE XULLO.

1. DATOS DA EMBARCAÇÃO

NOME DO BUQUE										MATRÍCULA:			FOLIO:		
CÓDIGO CONTA DE COTIZACIÓN										GRUPO COTIZACIÓN: 1 2A 2B 3 (márquese o que proceda) <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>			NIB		
0	8														
ARMADOR:										NIF:					
DOMICILIO EMPRESA:										CIF:					
LOCALIDADE:										CÓDIGO POSTAL:					
ENTIDADE ASEGURADORA															

2. DATOS DOS TRABALLADORES

APELIDOS	NOME	NIF	Nº SEG.SOCIAL	GRUPO COTIZ.	BASE MES ANTERIOR CONT.COM.	BASE MES ANTERIOR CONT.PROF.

D., con NIF, en calidade de armador/patrón/representante legal do dito buque, e como mandatario dos tripulantes, declara que a relación de traballadores (rísquese o que non proceda) que antecede se corresponde cos que se encontran enrolados na última arribada para proceder á paralización da frota, conforme a documentación que consta en poder da autoridade marítima competente para o despacho de buques.

..... de de 20

Vº e Pr. DESPACHO DE BUQUES OU AUTORIDADE CONSULAR (de existiren observacións, dilixénciese no dorso)

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR CORRECTAMENTE O ANEXO III

- Deberanse cubrir de modo lexible todos os datos correspondentes á embarcación, gardando especial dilixencia en consignar correctamente os datos relativos ao NIF da empresa, grupo de cotización, arte de pesca e código de conta de cotización da empresa. Débense presentar tantos anexos III como códigos de conta de cotización posúa o centro de traballo (buque).
- Deberanse consignar os datos persoais de todos os traballadores regulamentariamente enrolados na data da paralización de actividades e é imprescindible que o dato do NIF sexa completo (incluíndo a letra correspondente) e que o nº da Seguridade Social se consigne correcta e completamente (incluíndo os díxitos de control).

ESPAZO RESERVADO PARA DILIXENCIA DE OBSERVACIÓNS E ACREDITACIÓN DA CHEGADA DO BUQUE AO PORTO, DO DESPACHO DE BUQUES OU, DE SER O CASO, AUTORIDADE CONSULAR.

DÍA DE ENTRADA DO BUQUE NO PORTO:/...../.....

DÍA DE SAÍDA DO BUQUE DO PUERTO:/...../.....

OBSERVACIÓNS:

Data, sinatura e selo do despacho de buques ou, de ser o caso, autoridade consular

PROTECCIÓN DE DATOS. Esta solicitude recolle datos de carácter persoal que, co seu consentimento, pasarán a formar parte dun tratamento realizado polo Instituto Social da Mariña conforme o Regulamento xeral de protección de datos (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016. A finalidade do tratamento é a realización das funcións derivadas da solicitude e, de ser o caso, a cesión a órganos ou organismos das administracións públicas nos termos legalmente establecidos. Ten dereito ao acceso, rectificación, oposición ou supresión dos seus datos en: Subdirección Xeral de Seguridade Social, Instituto Social da Mariña, no enderezo r/ Génova, 24, 28004 Madrid, ou na correspondente dirección provincial.

ANEXO IV

Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea

Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

O artigo 125 do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, dispón no seu número 4.c) que, no seu ámbito de aplicación, «a autoridade de xestión deberá (...) aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas, tendo en conta os riscos detectados», existindo disposicións similares na normativa reguladora do resto de fondos europeos.

A detección da fraude exige que as autoridades competentes poñan en marcha unha serie de medidas que aborden o dito fenómeno de forma coordinada e integral, dado que ningunha medida pode resultar útil e eficaz para esa finalidade de forma illada.

Neste sentido, resulta claro que calquera mecanismo de detección da fraude que poidan implantar os órganos competentes se aplica sobre a información de que os ditos órganos dispoñen en cada momento. Esta información, en maior ou menor medida, é sempre inferior á información total existente, especialmente naqueles casos en que concorran condutas tendentes á ocultación dos feitos de que se trate por parte das persoas responsables. Nestes supostos, resulta imprescindible para detectar a fraude a colaboración das persoas que teñan coñecemento dos ditos feitos e que de boa fe desexen poñelos en coñecemento da Administración para que as autoridades competentes leven a cabo as actuacións que correspondan.

Non obstante o anterior, a inexistencia de canles específicas e formalizadas a través das cales poñer en coñecemento das autoridades competentes os feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados con fondos europeos dificultalles ás persoas que teñen coñecemento dos ditos feitos o traslado desa información ás citadas autoridades.

A iso tamén contribúe a pluralidade de órganos e entidades que, en función do tipo de fraude ou irregularidade, poden ter competencia para a investigación dos feitos e para a exixencia das responsabilidades que correspondan en cada caso, así como a súa dispersión.

Todo iso ten como consecuencia que en moitas ocasións as persoas que teñen coñecemento de información relevante sobre feitos que poden ser constitutivos de fraude ou irregularidade descoñecen a forma en que teñen que proceder para poñer a dita información en coñecemento da Administración, da entidade ou órgano a que a deben remitir, os requisitos que deben cumprir, as consecuencias da dita remisión e o tratamento que se vai dar á información remitida, o que supón para esas persoas un desincentivo en canto á remisión da dita información.

Por outra banda, débese ter en conta que o artigo 74 do citado Regulamento (UE) 1303/2013 establece, no seu número 3, que «os Estados membros garantirán que se poñan en práctica medidas eficaces para examinar as reclamacións relacionadas cos fondos estruturais e de investimento europeo».

Á vista do anterior, coa finalidade de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante en relación con feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, e para efectos de centralizar e coordinar a recepción da dita

información e a súa posterior análise e remisión ao órgano que corresponda, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude habilitou unha canle específica que poderá ser utilizada por aquelas persoas que teñan coñecemento de información dese tipo e que desexen poñela en coñecemento da Administración para efectos de que as autoridades competentes poidan realizar as actuacións que corresponda en cada caso.

O obxectivo desta comunicación é precisamente informar sobre o establecemento da devandita canle e fixar unha serie de orientacións xerais sobre o seu funcionamento, dando certeza ás persoas que desexen utilizala e coordinando a actuación nesta materia das autoridades encargadas da xestión de fondos europeos.

Esta comunicación non esgota as medidas necesarias para lograr un tratamento adecuado desta materia e débese completar con medidas adicionais como o establecemento de mecanismos de protección dos informantes e a atribución centralizada a un órgano especializado da Administración de verdadeiras facultades de investigación administrativa en relación coas informacións que se reciban a través da canle establecida nesta comunicación, medidas ambas que requiren das correspondentes reformas de carácter legislativo, que o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude promoverá no exercicio das súas funcións, pero que non poden ser obxecto dunha comunicación desta natureza.

Por último, a disposición adicional 25ª da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece no seu número 2 a) que corresponde ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude «promover os cambios (...) administrativos necesarios para protexer os intereses financeiros da Unión Europea», e é este o fundamento normativo en que se enmarcan o contido da presente comunicación e o establecemento da canle para a remisión de información a que se fai referencia nela.

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta comunicación ten por obxecto o establecemento de orientacións sobre a forma en que poden proceder aquelas persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea e que desexen poñelo en coñecemento da Administración, para efectos de que as autoridades competentes poidan realizar as actuacións necesarias para a investigación ou verificación dos ditos feitos e, de ser o caso, para a tramitación dos procedementos legalmente establecidos co fin de exixir as responsabilidades que en cada caso procedan.

2. Tendo en conta o ámbito das funcións que lle atribúe ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude a súa normativa reguladora, esta comunicación débese entender aplicable tanto no ámbito estatal como no ámbito autonómico e local, e con independencia da natureza pública ou privada da persoa ou entidade beneficiaria dos fondos.

Así mesmo, esta comunicación débese entender tamén referida aos gastos que xestione directamente a Comisión Europea, cando estes se realicen en territorio nacional ou se trate de axudas das cales sexan beneficiarias persoas ou entidades situadas no dito territorio.

Segundo. *Canle específica establecida polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.*

Para efectos de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante na loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, e no marco das funcións de coordinación que corresponden ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude no dito ámbito, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/Denan.aspx>, tras o cal se xerará un aviso de transmisión correcta da información.

Así mesmo, e sempre que excepcionalmente non sexa posible utilizar os citados medios electrónicos, os feitos poderanse poñer en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude en soporte papel mediante o envío da documentación en sobre pechado ao seguinte enderezo postal:

Servizo Nacional de Coordinación Antifraude
Intervención Xeral da Administración do Estado
Ministerio de Facenda e Función Pública
Rúa María de Molina, 50, planta 12. 28006 Madrid.

Neste último caso, deberáse comunicar á persoa que remítase a información que esta foi recibida polo citado servizo e que se lle dará o tratamento establecido nesta comunicación.

Terceiro. Contido da información que se remita ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.

1. A información que se remita ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude a través dos medios establecidos no punto segundo deberá conter unha descrición dos feitos da forma máis concreta e detallada posible, identificando, sempre que for posible, as persoas que participasen neles; os negocios, convocatorias, instrumentos ou expedientes afectados pola presunta irregularidade ou fraude; a data certa ou aproximada en que os feitos se produciron; o fondo ou fondos europeos afectados; o órgano ou entidade que xestionase as axudas, e os órganos ou entidades aos cales, adicionalmente e de ser o caso, se remitiu a información.

Así mesmo, deberase achegar calquera documentación ou elemento de proba que facilite a verificación dos feitos comunicados e a realización das actuacións que correspondan en relación con eles.

2. A persoa que remita a información deberase identificar mediante o seu número de NIF e o seu nome e apelidos, e deberá indicar, así mesmo, un enderezo de correo electrónico ou, na súa falta, un enderezo postal, a través do cal o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude se poida comunicar coa dita persoa.

Cando a información se remita ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude en soporte papel, deberán constar nela os datos de identificación da persoa informante, coa súa correspondente sinatura.

Cuarto. Actuacións que realizará o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.

1. O Servizo Nacional de Coordinación Antifraude analizará a información recibida para efectos de determinar o tratamento que se lle deba dar a esta, e realizará as verificacións e actuacións que considere necesarias no marco das facultades que lle atribúen as disposicións normativas aplicables.

Para tales efectos, poderá solicitar a documentación ou información adicional que xulgue oportuno, tanto á persoa que puxese no seu coñecemento a información inicial como aos órganos ou entidades que poidan dispoñer da documentación ou información adicional que for necesaria.

2. O Servizo Nacional de Coordinación Antifraude non dará curso á información recibida nos seguintes supostos:

a) Cando os feitos comunicados non afecten proxectos ou operacións financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, o que se entende sen prexuízo da posibilidade de remitir a información ao órgano ou entidade competente por razón da materia para a súa análise ou investigación.

b) Cando non consten na información recibida os datos de identificación da persoa que a remítase, nos termos establecidos no punto terceiro.

c) Cando xa se archivasen sobre o fondo outras actuacións anteriores derivadas de información recibida sobre os mesmos feitos ou similares, sen que se achegue ningún elemento relevante adicional.

d) Cando a escaseza da información remitida, a descrición excesivamente xenérica e inconcreta dos feitos ou a falta de elementos de proba subministrados non permitan ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude realizar unha verificación razoable da información recibida e unha determinación mínima do tratamento que se deba dar aos feitos comunicados, atendendo aos medios de que dispón o citado servizo.

e) Cando a información recibida sexa manifestamente infundada.

f) Cando, realizada a análise a que se refire o número anterior deste punto, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude entenda de forma motivada que os feitos comunicados non son constitutivos de fraude nin irregularidade.

En calquera caso, cando non se dea curso á información recibida como consecuencia do disposto neste punto, esta circunstancia comunicaráselle á persoa que remitise a información inicial, indicando a causa que motiva a dita forma de proceder, para efectos de que aquela poida realizar as actuacións que considere oportunas.

3. Cando, realizada a análise a que se fai referencia no número 1 deste punto, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude entenda que os feitos comunicados poden ser constitutivos de fraude ou irregularidade que afecte os intereses financeiros da Unión Europea, elaborará un informe no cal poñerá de manifesto os feitos analizados e a súa opinión motivada respecto do tratamento que se lles deba dar a estes de conformidade coas disposicións normativas aplicables.

O dito informe remitirase, xunto coa información recibida do informante e as actuacións realizadas polo citado servizo, ao órgano que en cada caso sexa competente para tramitar os procedementos ou realizar as actuacións adicionais que correspondan en función do tipo de fraude ou irregularidade de que se trate.

4. Malia o disposto no punto anterior, e atendendo á gravidade dos feitos comunicados, ás facultades necesarias para proceder á súa verificación, aos medios de que dispoña o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude en cada momento, e ao resto de circunstancias concorrentes en cada caso, o citado servizo poderá en calquera momento remitir directamente as actuacións ao órgano competente a que se fai referencia no dito punto.

Así mesmo, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude poderá remitir as actuacións en calquera momento á Oficina Europea de Loita contra a Fraude cando entenda que a información recibida pode resultar de interese para a dita oficina para a apertura da correspondente investigación e, polas circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, entenda que esta pode realizar dunha forma máis eficaz a análise e verificación dos feitos comunicados.

5. A remisión das actuacións ao órgano competente de conformidade co disposto nos dous puntos anteriores será comunicada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude á persoa que remitise a información.

Quinto. *Garantía de confidencialidade.*

1. O persoal do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude deberá gardar o debido segredo respecto de calquera información da que teña coñecemento como consecuencia do disposto nesta comunicación e non poderá utilizar esta información para fins distintos dos establecidos nela.

2. Salvo cando a persoa que comunicase a información solicite expresamente o contrario, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude gardará total confidencialidade respecto da súa identidade, de forma que esta non será revelada a ningunha persoa.

Para tal fin, no informe a que se fai referencia no número 3 do punto cuarto e en todas as comunicacións, actuacións de verificación ou solicitudes de documentación que leve a cabo o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, omitiranse os datos relativos á identidade da persoa que remitise a información, así como calquera outro que poida conducir total ou parcialmente á súa identificación.

Así mesmo, cando, de conformidade co establecido no punto cuarto, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude traslade as actuacións a outros órganos para que

estes tramiten os procedementos que correspondan, o disposto no parágrafo anterior será de aplicación á documentación que se remita a eses outros órganos, salvo cando se trate de órganos xurisdicionais ou do Ministerio Fiscal e a normativa reguladora do procedemento xudicial de que se trate exixa outra cousa. Neste último caso, a identidade da persoa informante comunicaráselles unicamente ás persoas ou aos órganos a que resulte imprescindible.

Por último, e na medida en que a normativa reguladora do procedemento de que se trate así o permita, será o propio Servizo Nacional de Coordinación Antifraude o que realizará ante o órgano ao cal se remitiron as actuacións os trámites necesarios para que o dito procedemento se poida desenvolver adecuadamente de forma que, de ser o caso, a comunicación entre o dito órgano e a persoa que remítise a información ao citado servizo se realice a través deste, para efectos de garantir a confidencialidade da identidade daquela.

3. O disposto no punto anterior non será de aplicación cando a persoa que remítise a información ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude actuase de mala fe, caso en que o citado servizo valorará promover a realización das actuacións que procedan de acordo coas disposicións aplicables.

Sexto. Difusión do contido desta comunicación.

1. Para efectos de dotar de difusión esta comunicación e facilitarles o seu coñecemento ás persoas que potencialmente poidan ter coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados con fondos procedentes da Unión Europea, recoméndaselles ás autoridades con competencias na xestión dos diferentes fondos europeos que adopten medidas adecuadas para lograr a dita finalidade.

2. Para tal fin, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar, sería conveniente que estas autoridades instrúsen os órganos e entidades encargados da tramitación e xestión das diferentes axudas para que inclúan, en todas as convocatorias de axudas susceptibles de seren financiadas con cargo a fondos da Unión Europea, unha referencia expresa á posibilidade de comunicarlle ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, nos termos establecidos nesta comunicación, aqueles feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, así como, sempre que sexa posible, achegar unha copia dela como anexo á convocatoria de que se trate.

Para tales efectos, poderíase incluír nas ditas convocatorias un parágrafo ou artigo coa seguinte redacción:

«Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://igaepre.central.sepg.minhac.age/sitios/igae/es-ES/Paginas/Denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo, que se achega como anexo a esta convocatoria».

Sería, así mesmo, recomendable que o disposto no parágrafo anterior se aplicase tamén aos procedementos de contratación pública daqueles contratos que sexan susceptibles de seren financiados con cargo a fondos da Unión Europea, de forma que os pregos de cláusulas administrativas particulares ou os documentos contractuais que se considere oportuno en función do procedemento aplicable conteñan unha referencia análoga á sinalada no parágrafo anterior.

3. Por outra parte, e para efectos de reforzar o cumprimento das obrigacións que a normativa europea lles impón ás autoridades de xestión en materia de prevención e detección da fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, as ditas autoridades

deberían valorar a conveniencia de realizar as actuacións necesarias para que as descrições dos sistemas de xestión e control dos diferentes programas operativos, ou os documentos análogos que correspondan de conformidade coa normativa reguladora de cada fondo, inclúan unha referencia expresa á posibilidade de comunicar ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude aqueles feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, así como unha descripción resumida dos aspectos procedementais contidos nesta comunicación en relación coa remisión da información ao citado servizo e o tratamento por parte deste da información recibida.

4. Con esa mesma finalidade, sería recomendable que as ditas autoridades realicen as actuacións necesarias para que tanto elas como os órganos e entidades encargados da tramitación e xestión das diferentes axudas inclúan nas súas respectivas páxinas web, e nas aplicacións informáticas de xestión dos diferentes fondos e programas, unha epígrafe específica que conteña a información sinalada no número 3 e na cal se inclúa unha ligazón directa á canle específica habilitada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude mencionada no punto segundo, para efectos de facilitar a remisión de información ao citado servizo desde as ditas aplicacións e páxinas web.

Sétimo. *Resolución das dúbidas que poida expoñer o contido desta comunicación.*

A canle habilitada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude a que se fai referencia no punto segundo poderá ser utilizada, con carácter previo á eventual remisión de información, para expoñerlle ao dito servizo as cuestións que susciten dúbidas en relación coa forma e cos requisitos cos cales a información debe ser remitida a través dela, co tratamento que se lle dará e, en xeral, con calquera aspecto relativo ao contido desta comunicación.

Oitavo. *Información relativa a feitos que afecten os ingresos do orzamento da Unión Europea.*

Esta comunicación non resulta de aplicación aos casos en que a información de que se tivo coñecemento se refira a dereitos alfandegueiros ou ao resto de ingresos do orzamento da Unión Europea cuxa competencia corresponda á Axencia Estatal de Administración Tributaria.


Nestes casos, a remisión da dita información á Administración deberase realizar a través das canles e dos procedementos establecidos no artigo 114 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no resto de normativa tributaria que poida resultar de aplicación.

Noveno. *Compatibilidade coas canles e procedementos establecidos por outras disposicións.*

Para efectos de poñer en coñecemento das autoridades competentes os feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, o disposto nesta comunicación enténdese sen prexuízo da posibilidade de empregar as canles e os procedementos previstos polas disposicións normativas que resulten de aplicación en cada caso e, en particular, os recollidos na normativa reguladora do procedemento xudicial penal.

Madrid, 6 de abril de 2017

A SUBDIRETORA XERAL



Asdo.: Pilar Sáenz de Ormijana Valdés